
Centro de Información Europea

Boletín Semanal nº 219 - 11/04/2019





europe direct Coruña

Suscripción gratuita al boletín
europedirect@dacoruna.gal
www.dacoruna.gal/europedirect





Deputación DA CORUÑA

Novas

- A Comisión presenta a primeira imaxe dun buraco negro, tomada por Event Horizon Telescope, unha colaboración científica mundial na que participan científicos financiados pola UE
- A Comisión Europea fixo inventario dos intensos preparativos da Unión Europea para un escenario sen acordo e formulou orientacións prácticas para os Estados membros en cinco ámbitos
- O Parlamento aproba ás novas regras sobre duración mínima da baixa de paternidade e permisos parentales non transferibles
- O Parlamento Europeo vota un novo Regulamento que reforzará a seguridade dos documentos de identidade e de residencia en toda a Unión Europea
- A Comisión axuda aos Estados membros a aplicar mellor as normas ambientais da UE para protexer aos cidadáns e mellorar a súa calidade de vida

Convocatorias

Convocatorias recentes

Emprego, Asuntos Sociais e Inclusión (EMPL)
VP/2019/001: Apoio ao Diálogo Social

VP/2019/008: Desprazamento de traballadores: mellora da cooperación administrativa e acceso á información

Enerxía (ENER)
CEF-Energy-2019 Convocatoria de propostas no ámbito de infraestruturas enerxéticas transeuropeas do Mecanismo Conectar Europa

EuropeAid - Cooperación Internacional e Desenvolvemento (DEVCO)
EuropeAid/162853/DD/ACT/SV: Programas Temáticos no Salvador: Instrumento Europeo para a Democracia e os Dereitos Humanos (IEDDH) e Organizacións da Sociedade Civil (OSC)

EuropeAid/163464/DD/ACT/GT: Programa Temático Organizacións da Sociedade Civil na República de Guatemala

EuropeAid/163649/DD/ACT/CO: Instrumento Europeo para a democracia e os dereitos humanos en Colombia. Convocatoria xeral de propostas 2019

EuropeAid/162737/DD/ACT/MX: Instrumento Europeo para a democracia e os dereitos humanos. Programa México

Investigación e Innovación (RTD)
H2020: Active & Assisted Living Programme. Convocatoria de propostas 2019: Solucións sustentables e intelixentes para envellecer en boas condicións

Xustiza e Consumidores (JUST)
GR/002/2019 - Apoio á Rede de Fiscalías da Propiedade Intelectual

Oficina Europea de Loita contra a Fraude (OLAF)
Programa Hércules III - Convocatoria de propostas 2019. Asistencia técnica (C/2018/8568)

Programa Hércules III - Convocatoria de propostas 2019. Formación e estudos xurídicos (C/2018/8568)

Programa Hércules III - Convocatoria de propostas 2019. Formación, conferencias e intercambio de persoal 2019 (C/2018/8568)

Redes de Comunicación, Contido e Tecnoloxías (CNECT)

Convocatoria de propostas. Connect/ARES (2019) 2156457. Proxecto Piloto: Co-creación dun ecosistema europeo de tecnoloxía de rexistros distribuídos (DLT) para un ben público e social

Tradución (DXT) e Interpretación (SCIC)

Convocatoria de propostas: Subvencións a accións para apoiar a formación en interpretación de conferencias para o ano académico 2019-2020

Outras axudas

ORDE do 25 de marzo de 2019 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións ás entidades locais da Comunidade Autónoma de Galicia para a prestación de servizos no marco da Rede galega de atención temperá, cofinanciadas polo programa operativo FSE Galicia 2014-2020, e procédese á súa convocatoria para o ano 2019

EXTRACTO da Resolución do 4 abril de 2019, da Presidencia da Axencia Estatal de Investigación, pola que se aproba a convocatoria para o ano 2019 do procedemento de concesión de axudas correspondentes ás accións de dinamización «Europa Investigación», contempladas no Programa estatal de I+D+I orientada aos retos da sociedade, no marco do Plan estatal de investigación científica e técnica e de innovación 2017-2020

EXTRACTO da Orde do 20 de marzo de 2019, pola que se convoca para o ano 2019 a concesión de subvencións a entidades asociativas representativas do sector agrario e alimentario polo desenvolvemento de actividades de colaboración e representación ante a Administración Xeral do Estado e a Unión Europea, así como para a realización de actividades específicas de especial interese para o sector agroalimentario español

EXTRACTO da Resolución do 14 de marzo de 2019, da Secretaría de Estado para a Unión Europea, pola que se anuncia a convocatoria para a concesión de subvencións correspondentes ao ano 2019, para a celebración de accións de comunicación e actividades divulgativas, sobre asuntos relacionados co ámbito das súas competencias.

ORDE do 26 de febreiro de 2019 pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria de subvencións para a adxudicación de equipamentos de emerxencias, en réxime de concorrencia competitiva, a concellos de menos de 50.000 habitantes, mancomunidades ou agrupacións de concellos galegos, cofinanciado polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, no marco do programa operativo Feder-Galicia 2014-2020.

EXTRACTO da Resolución do 7 de marzo de 2019, do Fondo Español de Garantía Agraria O.A. (FEGA), pola que se convocan en 2019 axudas para o fomento da creación de organizacións de produtores e asociacións de organizacións de produtores de carácter supraautonómico no sector agrario, no marco do Programa nacional de desenvolvemento rural 2014-2020, para actuacións que se van realizar ata 2023

EXTRACTO da Resolución do 20 de febreiro de 2019, do Fondo Español de Garantía Agraria, O. A. (FEGA), pola que se convocan axudas á cooperación para formulacións conxuntas con respecto a proxectos ambientais e prácticas ambientais en curso, no marco do Programa Nacional de Desenvolvemento Rural 2014-2020

Socios

Mocidade. España
Búscanse organizacións de Grecia e Italia que envíen voluntarios para un intercambio en Valencia. O proxecto está dirixido a mozos migrantes, refuxiados e persoas en risco de exclusión social, co fin de que dialoguen e intercambien coñecementos.

Voluntariado. Italia
Unha asociación italiana busca asociacións xuvenís de España, Francia e Grecia que envíen voluntarios de entre 18 e 30 anos para participar nun proxecto de voluntariado en Palermo (Sicilia) durante 9 meses, no que colaborarán cunha gardería infantil.

Mocidade. Romanía
Búscanse organizacións xuvenís que envíen participantes maiores de 20 anos para participar nun intercambio xuvenil no que intercambiar ideas para favorecer a inclusión social.

URBACT. Polonia
A cidade de Konin busca unha cidade para exercer a función do socio líder nun proxecto de Laboratorio de Mozos M-LAB que pretende desenvolver actitudes creativas e innovadoras.

URBACT. Eslovaquia
A capital de Eslovaquia, Bratislava, busca cidades para exercer a función de socio líder e outros socios para un proxecto sobre o uso de datos útiles para un goberno local.

Bolsas

30/04/2019: Bolsas de Verán 2019 do Centro Singular de Investigación en Química Biolóxica e Materiais Moleculares (CiQUS)
O CiQUS, pertencente á Universidade de Santiago de Compostela, oferta 15 bolsas remuneradas de iniciación á investigación, cunha duración de 1 mes, para estudantes dos dous últimos anos do Grao de Química ou titulacións relacionadas.

30/04/2019: Bolsas de Verán 2019 do Centro Singular de Investigación en Tecnoloxías da Información (CiTIUS)
O CiTIUS, pertencente á Universidade de Santiago de Compostela, ofrece 12 bolsas dirixidas a estudantes de grao que desexen ter a súa primeira experiencia investigadora no campo das Tecnoloxías da Información (TI).

30/04/2019: Bolsas Excelencia para a mocidade do exterior, Xunta de Galicia
Convócanse 150 bolsas coa fin de cursar determinados estudos de máster que se inicien no curso 2019/20 nunha universidade galega. Os solicitantes deben residir de forma continuada 10 anos en Galicia antes de emigrar e ser menores de 40 anos.

03/05/2019: XXVII Bolsas de Artes Plásticas Fundación Botín
A Fundación Botín convoca 8 Bolsas de Artes Plásticas destinadas a formación, investigación e realización de proxectos persoais no ámbito da creación artística (non traballos teóricos) para artistas de calquera nacionalidade.

06/05/2019: Convocatoria das Bolsas de Internacionalización Empresarial de ICEX para 2021
Poden optar os nacionais da UE con título universitario, nivel B2 de inglés, dominio do español, e que naceran a partir de 1991. Valoraranse positivamente coñecementos de ofimática, estudos de posgrao, e coñecementos doutros idiomas.

Premios e concursos

29/04/2019: XXXI Certame "Novos Investigadores"(EUCYS)
Convócanse tres premios para os autores de tres traballos, para que representen a España como participantes no Certame Europeo de Mozos Investigadores (EUCYS) en 2019.

05/05/2019: Premio de Teatro para Autores Noveis "Calderón da Barca"
É un premio dirixido aos autores noveis de teatro, españois e nacionais doutros Estados da Unión Europea e do EEE. A dotación económica do Premio é de 10.000 euros.

09/05/2019: Concurso de cómic
O Festival Internacional de Cómic Europeo e o Concello de Úbeda convocan este premio no que poderá participar calquera persoa maior de 18 anos.

15/07/2019: Concurso para novos xornalistas Youth4Regions
A Comisión Europea ofrece a posibilidade de gañar unha viaxe a Bruxelas para asistir á Semana Europea das Cidades e as Rexións e visitar a sede dos medios de comunicación e institucións da UE.

31/07/2019: Premio Acción Transformadora
O premio europeo ao desenvolvemento sustentable, organizado co apoio do Comité Europeo das Rexións e o BEI, recoñece accións, realizadas polas entidades locais ou rexionais, dirixidas a favorecer a transformación de comunidades.

Vacantes

Research Assitant. AST3. Axencia Europea para a xestión operativa de sistemas informáticos de gran magnitude no espazo de liberdade, seguridade e xustiza (EU-LISA). Tallin. Data límite: 25/04/2019

Asistente Director. AD6. Axencia Europea para os Dereitos Fundamentais (FRA). Viena. Data límite: 23/04/2019

Corporate Services Team Leader. AD6. Autoridade Europea de Seguros e Pensións de Xubilación (EIOPA). Frankfurt. Data límite: 21/04/2019

Expert on Supervisory Processes (Data Analysis and tools). AD6. Autoridade Europea de Seguros e Pensións de Xubilación (EIOPA). Frankfurt. Data límite: 21/04/2019

Certification Officer/Didactic Officer –AD5. Oficina Europea de Apoio ao Asilo (EASO). A Valeta. Data límite: 23/04/2019

Information and Analysis Officer. AD6. Oficina Europea de Apoio ao Asilo (EASO). A Valeta. Data límite: 23/04/2019

ICT Assistant - Business Analyst. AST3. Oficina Europea de Apoio ao Asilo (EASO). A Valeta. Data límite: 23/04/2019

Research Officer. AD5. Oficina Europea de Apoio ao Asilo (EASO). A Valeta. Data límite: 23/04/2019

Operations Officer. AD6. Oficina Europea de Apoio ao Asilo (EASO). A Valeta. Data límite: 22/04/2019

Educadores Infantís. Alemaña. Data límite: 30/06/2019

Electricistas. España. Data límite: 31/07/2019

Pharmacists. Irlanda. Data límite: 05/05/2019

Supervising Pharmacists. Irlanda. Data límite: 05/05/2019

Service Technicians (Mechanical). Malta. Data límite: 29/04/2019

Mecánicos de Automóbil. Alemaña. Data límite: 27/06/2019

Enfermeiros para Hospitais. Bélxica. Data límite: 25/05/2019

Tropa Verde, exemplo de boas prácticas de URBACT : “Estimulando a reciclaxe por medio de premios e incentivos”

Esta semana en Cidadanía entrevistamos a Marta Morán, responsable do proxecto Tropa Verde, seleccionada polo Concello de Santiago de Compostela para a participación no programa europeo URBACT que facilita o traballo conxunto das cidades europeas no intercambio e aprendizaxe de solucións para o desenvolvemento urbano sustentable.



Como xurdiu a iniciativa Tropa Verde?

Detectada a diario a falta de información e motivación ambiental por gran parte da cidadanía son frecuentes as escusas como "para que vou separar os residuos en casa se todo acaba no mesmo colector" ou "por que vou levar os meus vellos aparellos electrónicos ao punto limpo".

Unha enquisa realizada en abril de 2015 por Sondaxe na provincia da Coruña e publicada en La Voz de Galicia indicaba que un 36,6 % dos cidadáns de Compostela dos que recoñecían non reciclar confesaban que non o facían por falta de costume. Todos estes feitos provocan que os índices da reciclaxe sexan máis baixos e increméntanse os custos da xestión de residuos, repercutindo todo isto negativamente na calidade ambiental.

O proxecto Tropa Verde naceu neste contexto con vocación de fomentar a mellora da calidade ambiental empezando polo cidadán, estimulando a reciclaxe por medio de premios e incentivos.

Como describirían brevemente os obxectivos e resultados do proxecto?

Tropa Verde é unha iniciativa da empresa Teimas Desenvolvemento S.L. xunto cos diferentes concellos onde está implantada (Santiago de Compostela, Redondela, Ames, Marín, Porriño, Vilagarcía, Santa Comba…).

O obxectivo da plataforma Tropa Verde é incentivar a responsabilidade ambiental na cidadanía mediante premios e recompensas directas contribuíndo á redución dos residuos e optimizando a súa xestión para crear cidades máis sustentables.

A estratexia fundaméntase no desenvolvemento dunha plataforma de gamificación apoiada nunha páxina web (https://www.tropaverde.org/), onde o cidadán pode rexistrarse e ir acumulando puntos que obtén por levar residuos aos puntos habilitados para ese efecto: puntos limpos (fixos e móbiles), centros socioculturais, etc. Os puntos obtidos son trocados por premios e descontos que outorgan os establecementos patrocinadores: comercios e locais de hostalería.

Cantos usuarios forman parte de Tropa Verde?

Ata a data, Tropa Verde conta con 5.700 usuarios rexistrados; 435 establecementos colaboradores; 5.500 recompensas ofertadas; 45.000€ en premios, agasallos e descontos; 71 centros emisores de cheques; 400.000 cheques repartidos; 2.200 recompensadas gozadas; e 4.500 participantes en campañas escolares.



Que pasos planean dar para incrementar o impacto da iniciativa?

En 2018 Tropa Verde alcanzou dimensión europea ao ser seleccionado polo Concello de Santiago de Compostela para o programa europeo URBACT. En 2018 foron 17 as cidades españolas recoñecidas por URBACT polas súas boas prácticas, pero só Tropa Verde abordaba a temática ambiental.

Ao amparo do programa URBACT creáronse 25 redes de transferencia, unha delas liderada polo Concello de Santiago de Compostela e conformada por Budapest (Hungría), Demos Pavlou Mela (Grecia), Guimaraes (Portugal), Niza (Francia), e os 20 municipios que conforman a Aglomeración de Opole (Polonia).

A través de novos talleres formativos, aparicións en medios de comunicación e concursos en redes sociais, en 2019 Tropa Verde seguirá buscando o compromiso de todos no coidado e protección dos espazos que habitamos, e premiando as accións ambientais responsables.

Cal será a capital europea do turismo intelixente do ano 2020?

A Comisión Europea anunciou a segunda edición do concurso "European Capital of Smart Tourism 2020" para premiar as cidades europeas que, por poñer en funcionamento solucións máis intelixentes, innovadoras e inclusivas no ámbito turístico, convertéronse nos destinos de turismo intelixente.



Que é unha "cidade de turismo intelixente"?

É unha cidade que utiliza os seus recursos territoriais, sociais e humanos para o desenvolvemento do seu sector turístico e da prosperidade da cidade, así como para mellorar a calidade de vida dos seus habitantes. Desta forma, unha cidade de turismo intelixente facilita o acceso aos servizos e produtos turísticos a través das novas tecnoloxías, a interconectividade e a interoperabilidade dos servizos.

O premio consiste en asesoramento orientado en materia de comunicación e marca por parte dun grupo de expertos durante un ano, así como accións promocionais deseñadas para aumentar o número de turistas, un vídeo promocional e unha escultura especialmente deseñada para colocar o centro da cidade.

Por tanto, o título de Capital europea do turismo intelixente 2020 é unha oportunidade para a cidade gañadora de darse a coñecer e atraer visitantes de todo o mundo.


Quen pode optar ao premio?

Esta nova convocatoria está aberta a todas as cidades da Unión Europea que teñan **unha poboación superior a 100.000 habitantes**. Os solicitantes deben preparar catro ensaios nos que presentarán as mellores prácticas e solucións implementadas en cada unha das catro categorías:

- accesibilidade,
- dixitalización,
- sustentabilidade,
- creatividade e patrimonio cultural.

O sector turístico en España desempeña unha función fundamental pola súa contribución ao crecemento e ao emprego. España ten un enorme potencial para liderar e dar forma a novos modelos turísticos para o século XXI baseados na innovación, a tecnoloxía, a sustentabilidade, a gobernanza e a accesibilidade. Sen dúbida, é un actor relevante a escala mundial no sector.

É por iso que o II Congreso Mundial da Organización Mundial de Turismo de Destinos Turísticos Intelixentes, celebrouse en xuño de 2018 en Oviedo. No congreso tratáronse temas tales como a transformación dixital dos destinos, a importancia da xestión de datos e as novas tecnoloxías no desenvolvemento sostible, o Big data, a IntelixenciaArtificial (AI), a Internet das cousas etc. Durante o evento a Secretaría de Estado de Turismo presentou o proxecto Destinos Turísticos Intelixentes cuxo obxectivo é implantar un novo modelo de mellora da competitividade e desenvolvemento turístico baseado na gobernanza e a corresponsabilidade turística.



A cerimonia de entrega de premios European Capital of Smart Tourism 2020 **celebrarase en Helsinki o 9 de outubro de 2019.** Na cerimonia, anunciaranse as dúas cidades gañadoras e outros catro que recibirán os galardóns europeos ao turismo intelixente polos seus logros destacados en cada unha das categorías do premio.

Publicacións



"**As linguas ábrennos novos horizontes**"
Dispoñible en PDF e no noso centro.

Axenda

- 11/04/2019: Xornada “Programas de cooperación tecnolóxica internacional bilaterais, multilaterais e ou programa INNOWWIDE” (Ferrol)
- 17/04/2019: Día Europeo de la Información Juvenil
- 24/04/2019: Xornada informativa sobre o Instrumento PEME de Horizonte 2020 no contexto do EIC 2018-2020 (Sevilla)
- 29-30/04/2019: 14º Foro Europeo de Enerxía Nuclear (Praga)
- 29/04-05/05/2019: Semana Europea de la Juventud (Bruselas)
- 30/04/2019: LIFE Information and Networking Day. Sobre a convocatoria LIFE 2019 (Bruxelas)
- 15-17/05/2019: EU Green Week 2019
- 17/05/2019: Seminario “Transporte, a gran aposta de crecemento” (Madrid)
- 4-6/06/2019: Segunda edición do “Seminario para Responsables de Propostas Horizonte 2020: 15x15 (Segovia)
- 5-7/06/2019: Conferencia Anual da Asociación de Estudos Rexionais (Santiago de Compostela)
- 12-13/06/2019: Fourth Interregional Workshop in Germany (Anhalt)
- 17-18/06/2019: Reunión do Foro Regulador da Electricidade Europea (Florencia)
- 17-21/06/2019: Semana Europea da Enerxía Sustentable (Bruxelas)

europe direct
00 800 6 7 8 9 10 11
europedirect.europa.eu

ENCUESTA UE
Tu opinión en 7 clicks

romania2019.eu

Síguenos en: